

¿COMO PARTICIPAR?

Un dos obxectivos do proxecto é dar a coñecer os valores naturais do Suído, e fomentar a maior apreciación da importancia da súa biodiversidade. Queremos dar oportunidades, tanto aos veciños de Covelo como a persoas de máis lonxe, para participar no proxecto.

Ao longo do ano, imos organizar as seguintes xornadas e actividades:

- Saídas con centros de ensino
- Xornadas informativas
- Xornadas de formación dirixidas a gandeiros
- Xornadas de voluntariado
- Unha exposición itinerante



Se estás interesado/a en participar en algunha destas actividades, ou se simplemente queres saber máis sobre o proxecto, contacta connosco:

Concello de Covelo: (986) 65 00 27/47

ou

coa empresa contratada para realizar o proxecto, **INTEGRA futuros sostibles, s.l.**:

info@integra-futuros.es (986) 75 00 53



Unha aposta para a conservación

Entre outubro 2010 e maio 2011, o Concello de Covelo vai levar a cabo un ambicioso proxecto de conservación do patrimonio natural na Serra do Suído e nas costas do río Alén. Abrangue 3 áreas:

1. Facer un inventario das especies e hábitats de maior importancia ecolóxica en toda a Serra do Suído. Para conservar mellor no longo prazo, é imprescindible saber máis sobre o estado actual da biodiversidade.
2. Realizar unha serie de accións prácticas en 7 diferentes lugares nos montes veciñais de Campo, Fofe e Barcia de Mera, para mellorar a calidade dalgúns dos hábitats máis importantes.
3. Actividades e materiais complementarios para informar, sensibilizar e animar a participación de veciños e do público xeral nesta importante aposta para a conservación do valor natural do Suído.



CONCELLO DE
COVELO



En 2009, a Axencia de Sostibilidade do Concello de Covelo preparou unha proposta de diversas accións para protexer mellor a biodiversidade da serra do Suído e o val do río Alén, e presentouna á Fundación Biodiversidad.

Presentáronse proxectos desde todo o territorio español, mais a nosa proposta gañou o único premio na súa categoría.

Grazas a este premio, agora ímolo facer.

A Serra do Suído e costas do Alén

PROXECTO DE ACCIÓNS PARA INCREMENTAR A BIODIVERSIDADE



CONCELLO DE COVELO

¿QUE IMOS FACER?

Restaurar rodais de bosque autóctono

Entre Fofe, Campo e Barcia de Mera, imos restaurar 4 rodais de tres tipos distintos de bosque:

CARBALLEIRA NAS BEIRAS DO ALÉN



Restauración de 2 Ha de bosque autóctono a través da eliminación de especies invasoras (acacias e eucaliptos) e a plantación de árbores novas. Preto de aquí tamén imos facer un proxecto piloto de propagación do fento *Woodwardia radicans*, especie protexida pola Directiva Hábitats Europea.

SOBREIRAL EN CHAN DE MONS

Restauración de 2 Ha do único sobreiral que queda no municipio. Eliminaranse os eucaliptos que están invadindo a zona, plantando sobreiras e érbedo no seu lugar.

BIDUEIRAL SERIAL MONTANO

Creación de case 1 Ha de bidueiral en 2 rodais, preto dos pasteiros de Fofe e Campo.



Restaurar pasteiros tradicionais

A boa xestión do gando é fundamental para a conservación da serra. Ademais de ser o principal recurso económico, os animais son a mellor forma de controlar o mato e limitar o risco de lume. Non obstante, a súa presenza descontrolada ameaza algúns dos ecosistemas máis fráxiles do Suído. Neste proxecto imos facer desbroces selectivos para restaurar 7 Ha de pasteiros tradicionais, e instalar peches para protexer as zonas máis sensibles. Tamén imos traballar cos gandeiros para comunicarlles a importancia do seu traballo na conservación do monte.

Protexer os humidais e hábitats acuáticos

As **TURBEIRAS** son almacéns naturais de auga, sumidoiros de carbono e o hábitat dalgúna da nosa flora máis rara e ameazada. Son tamén os lugares onde crian moitas das 12 especies de anfibio que habitan a serra. As do Suído son de pequena superficie, e a maioría están degradadas debido á súa conversión en pasteiros.

Neste proxecto, imos protexer a turbeira de Fofe cun peche para limitar o acceso ao gando. Tamén imos facer unha serie de intervencións en **DEPÓSITOS, ABREVADEIROS E CHARCAS** para que estas estruturas, artificiais na súa orixe, poidan servir como hábitats de cría alternativos para os anfibios.

